

CORES

tendas ecolóxicas

Pón o seu dispor os seguintes productos:

Papel reciclado fotocopiadora/láser
Papel reciclado escritura
Libretas papel reciclado
Papel diseño fotocopiadora/láser
Papel contínuo para ordenador
Sobres e bolsas
Cartulinas
Transparencias fotocopiadora
Película Blanca
Marcos Protectores
Etiquetas ordenador

OUTROS PRODUCTOS

Material de oficina
Papel personalizado
Bolígrafos
Lápices, pinturas
Xoguetes
Ceras vírxenes
Velas
Etc.



SANTIAGO

r/ Laverde Ruíz, 2 baixo
☎ (981) 56 54 87 ♦ Fax 58 31 88

LUGO

r/ Xeneral Tella, 6 baixo
☎ (982) 25 01 98
Fax 25 03 29

OURENSE

r/ Reza, 14
☎ (988) 23 86 86
Fax 23 86 86



editorial

Os catro anos de goberno do PP na Xunta de Galiza merecen, na nosa opinión, e pensamos que na da maioría dos ecoloxistas e persoas preocupadas polo medio ambiente, unha calificación negativa. Sen dúbida, a lexislatura comezou con certas expectativas, mas os feitos foron encargando-se de machacá-las, trocando-as por impotencia, nuns casos, ou polo sentimento dunha imperiosa necesidade de actuar noutros.

Tendo en conta a relación existente entre a economía e a ecoloxía, entre a explotación e a conservación do medio natural, o panorama que se nos avexina non é moi alentador. Mentres a economía semella ir de mal en peor, a conservación da biodiversidade, do potencial produtivo e rexenerador do medio (solo, auga e atmósfera) fican cada día mais condicionados por políticas meramente produtivistas.

A administración actual ten deseñado un país onde a conservación fique relegada a determinadas illas, consentindo a explotación do resto do territorio mediante prácticas depredadoras. Ten asumido como normal unha actuación despilfarradora de recursos por parte dos individuos, e pretende solucionar o conseguinte problema dos refugallos mediante tecnoloxías destrutivas.

Con todo, sabemos que a capacidade para mudar esta situación radica precisamente en cada un de nós. As eleccións son unha boa ocasión pero non a única. Independentemente dos resultados eleitorais, confiamos no noso traballo e no debate no seo da sociedade para optar por un modelo de desenvolvemento mais racional e respetuoso co medio ambiente.